

1. Orixes e trazos principais

Cando falamos de literatura latina falamos sempre de literatura escrita e, en xeral, a literatura oral non entra dentro das nosas consideracións por dous motivos. En primeiro lugar, os estudos sobre literatura latina acostuman entender toda literatura como obra escrita (ídea non aplicable ás literaturas actuais). Por outro lado, toda a literatura antiga que coñecemos é necesariamente escrita, pois é o único rexistro que nos puido chegar. Por este motivo a literatura oral de que temos noticia máis ben indirecta non o denominamos exactamente “literatura”, senón “manifestacións precursoras; as nosas fontes non nos permiten chegar máis lonxe. O momento de nacemento da literatura latina no sentido en que aquí a definimos é o S. III a.C. Así, as primeiras manifestacións precursoras do teatro en Roma son:

As danzas etruscas, que deseñaban coreografías ao son da frauta e foran importadas de Etruria. Os elementos coreográficos son importantes porque farán aparición no teatro romano (isto é, cando pasemos do mundo da oralidade ao mundo do texto escrito). Ao anterior cómpre sumar que no teatro latino parece que a música tivo un papel menor ou mesmo marxinal. A “ausencia” de música puido ser mesmo un elemento característico do teatro romano, aínda que os estudiosos non teñen consenso neste sentido.

Os versos fesceninos, que mozos disfrazados improvisaban nun ton claramente satírico e burlesco. Tiñan lugar en certos actos sociais, como as vodas, e puideron ter un certo sentido máxico nun inicio como protectores contra o mal de ollo (*fascinum* en latín). Na literatura oral galega tería como paralelos as regueifas da comarca de Bergantiños ou os brindos no Courel (aínda que estes últimos non teñen sentido satírico).

As *saturae*, interpretadas por actores profesionais, con textos dialogados en verso e que chegaron a representar un dos principais xéneros da literatura latina a partir dos primeiros textos literarios escritos. Naquelas *saturae* primitivas encóntranse o canto, a música e a danza, elementos que tiveron (como xa dixemos) presenza desigual no teatro romano.

No ano 240 a.C. Livio Andrónico, un liberto de orixe grega, representa por primeira vez en Roma unha peza teatral con texto escrito. A partir deste fito nace o teatro romano cos seguintes trazos esenciais: baséase nun texto en verso; ten partes faladas, recitadas (*diverbia*) e partes con acompañamento musical (*cantica*) con elementos coreográficos propios do teatro romano; os autores son sempre masculinos e utilizan máscaras (agás o mimo, en que non se levan máscaras e poden actuar mulleres) para representar diversos papeis.

2. Subxéneros dramáticos, trazos característicos e autores máis representativos

Distinguiremos aquí entre traxedia, comedia e outros xéneros teatrais. Canto á traxedia e á comedia, distinguiremos entre aquelas que sexan de ambientación romana ou de ambientación grega.

2.1. Comedia

Denominamos *fabula palliata* aquela de ambientación e vestimenta (*pallium*) gregas, obras de intriga e enredo con final feliz nas que o amor acostuma ser o tema fundamental. Presenta personaxes e situacións arquetípicas e ten a Plauto e Terencio como autores representativos.

Chamamos *fabula togata* aquela de ambientación e vestimenta (*toga*) romanas, de trama moi simple, chea de elementos obscenos e sátira. En contraste coa *palliata*, aquí respéctase rigorosamente a escala social dos personaxes (un escravo non pode mostrar maior intelixencia ca o seu amo, por exemplo). En canto representantes do xénero temos a Titinio, Afranio e Ata.

2.2. Traxedia

A *fabula cothurnata* é a obra trágica de ambientación e calzado (o *cothurnus* ou zapato alto) gregos que escenifica episodios mitolóxicos, especialmente do ciclo troiano.

Por *fabula praetexta* designamos a traxedia de ambientación e vestimenta romana (a *toga praetexta* era a propia dos maxistrados en Roma) que escenifican xestas de heroes lendarios ou personaxes históricos de tema romano. Traxediógrafos destacados que cultivaron os dous xéneros foron Livio Andrónico, Nevio, Enio, Ovidio e Séneca entre outros.

2.3. Outros xéneros teatrais

A *fabula atellana* (con autores como Pomponio ou Novio) comprende obras moi breves, improvisadas e obscenas. Os personaxes son fixos (catro, de feito: *Maccus*, *Pappus*, *Bucco* e *Dossenus*) e os argumentos tómanse da vida cotiá e dos mitos.

Por outra parte, a *fabula planipedia* ou mimo (con representantes como Laberio ou Siro) non utiliza máscaras e a participación de mulleres no elenco era permitida. Tratábase de

teatro en prosa (toda unha excepción no teatro romano) de carácter moito obsceno que buscaba provocar a risa por todos os medios. Música, danza e temas da vida cotiá eran centrais.

Finalmente a pantomima reúne obras mudas que se servían da linguaxe corporal (sobre todo das mans) e que trataban temas mitolóxicos.

3. A *Fabula Palliata*

3.1. Tipoloxía e orixinalidade

Os personaxes, a trama, ambientación e modelos son gregos. Estas obras compúñanse en base á técnica da **aemulatio** (ou rivalización), que tomaba elementos da Comedia Nova ateniense e tentaba superar o orixinal. A pesar disto, os autores imprimían o seu sentido persoal do cómico e así topamos resultados moi diferentes nas obras de Terencio e de Plauto. Neste último, por exemplo, vemos como a reescrita en latín daquelas obras implicaba unha adaptación ao gusto e costumes dos espectadores romanos.

3.2. Trama de enredo

A trama responde habitualmente a unha intriga de tipo amoroso: un mozo namórase dunha moza e tenta conseguir os seus favores por todos os medios. Para isto vese axudado polas astucias do seu escravo, capaz de enganar o pai do mozo ou calquera personaxe que impida o desenlace feliz da obra (xeralmente por medio do casamento).

3.3. Personaxes

Ao igual que a trama, os personaxes son arquetípicos: o mozo namorado, a moza (quer doce, quer castigadora), a meretriz ávida de cartos, o vello rosmón (e ás veces tamén avarento ou “verde”), o vello afable (comunmente un veciño) que serve de contrapeso ao anterior, a nai condescendente co fillo e autoritaria co marido, o escravo sagaz, a vella intrigante (e bebedora) o soldado fachendoso, o proxeneta sen escrúpulos, os parasitos... Todos habitúan ter nomes en grego que caricaturizan o seu papel.

3.4. Estrutura

Xeralmente nas comedias sempre se segue o mesmo patrón. Comeza coas **didascalía**, en que se explican as circunstancias que rodean a obra (autor, título, modelo grego, maxistrados que promoven a representación...); séguese o **argumento**, que resume en verso a obra; continúa co **prólogo**, que expón o contido da obra e busca a boa disposición do público, e toman o relevo as **escenas** propiamente ditas, que desenvolven a acción dramática.

3.5. Finalidade

Ao ser a intención última causar a risa, utilízase todo medio á disposición para tal fin. O efecto cómico conséguese ao presentar situacións e personaxes como caricatura da realidade e facer uso dunha linguaxe ridícula e impropia do personaxe ou de simples xogos de palabras. Non poucas veces recorre á inversión de papeis sociais para ridiculizar os personaxes gregos: escravos máis intelixente ca os seus amos, mulleres dominantes, pais de familia histéricos con pouco autodomínio, soldados medrosos...

4. Plauto

As referencias biográficas que temos indican que naceu na Umbría (e por iso podemos suporlle algún domino do umbro, lingua itálica daquela rexión) e que foi escravo antes de triunfar como autor teatral. Debido ao seu grande éxito atribuíronselle 130 comedias das que só consideramos auténticas as 20 conservadas.

Non nos consta que o xénero tráxico tivese gran predicamento en Roma nas representacións teatrais, mais tívoo a comedia e dentro dela Plauto. Comezou a compor as súas obras á volta do ano 215 a.C. e seguiu compondo até á súa morte. De entre as 20 *fabullae palliatae* conservadas destacan: *Miles gloriosus*, *Aulularia*, *Captivi* e *Amphitruo*.

Tanto a intriga (dominante nas obras cun título que designa obxectos) como o enredo (elemento principal nas obras cun título que nomea persoas) teñen as súas raíces na comedia de Menandro (representante da chamada Comedia Nova de Atenas), unha comedia que perde toda carga política para centrarse preferentemente na vida privada dos personaxes. O amor e o diñeiro están presentes en toda a obra plautina.

4.1. Temas

Os temas favoritos de Plauto, habitualmente trufados de equívocos, son: vodas entre persoas de clases sociais diferentes; viaxes acabadas en naufraxios con inesperados sobreviventes; promesas de fachendosos a mozas incautas que se deixan convencer; obxectos atopados inesperadamente que fan que a situación dramática vire inesperadamente; equívocos entre xémeos; reencontros de pais e fillos, pasados os anos; anciáns que teñen a posibilidade de atopar o amor á fin da súa vida.

4.2. Personaxes

Os seus son os personaxes tipo e estereotipados comentados en 3.3. que logo se fan recoñecibles ao público. A xenialidade de Plauto reside en saber adaptar os personaxes gregos á Roma do seu tempo. Deste modo, en aparencia interveñen na obra individuos gregos, mais no fondo son romanos.

O autor aproveita que está retratando un ambiente grego para deseñar personaxes que inverten a escala social, cousa que sería impensable se se retratase unha ambientación romana. Fronte ao escravo submisos máis propio da comedia grega, aparece o escravo máis intelixente e dilixente ca o seu amo (o que implica unha burla ao amo, cando se mostra inferior ao seu escravo neste ou naquel aspecto).

Cómpre destacar tamén o personaxe do parasito, que vive sen traballar, sobrevive a mil peripecias e, baixo ameaza constante, acaba por saír ben parado grazas á súa habilidade.

Finalmente, recoñécese tamén o xenio de Plauto no seu deseño de personaxes capaces de razoar e argumentar conforme aos mellores esquemas da retórica antiga para expresarse coa mesma soltura na lingua coloquial ao momento seguinte, se a situación o require. Conséguese deste modo que os espectadores poidan identificarse con aqueles (e así facer crecer o seu interese pola trama).

4.3. Comedias

Algunhas das súas principais comedias son:

Amphitruo (Anfitrión), en que Xúpiter se fai pasar por Anfitrión para manter relacións coa súa muller.

Aulularia (Comedia da ola), acerca dun vello avarento que atopa unha ola chea de ouro.

Miles gloriosus (O soldado fanfarrón), que retrata un soldado covarde que presume de conquistador.

Asinaria (Comedia dos asnos), onde un pai vende a súa indulxencia coa cortesana de que se namorou o seu fillo en troca dunha noite de amor con ela.

Menaechmi (Os Menecmos) representa un enredo provocado por dous xémeos.